

## ANTECEDENTES

**De conformidade coas competencias atribuídas  
ó Consello Económico e Social de Galicia pola Lei 6/1995, de 28 de xuño,  
previa análise pola Comisión Sectorial nº1: *Economía, Emprego e  
desenvolvemento territorial*, e de acordo co procedemento previsto  
no Regulamento de Réxime Interior do CES-Galicia,  
o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia,  
na súa sesión do 6 de setembro de 1999, celebrada na cidade de Ferrol,  
acorda por unanimidade emitir, por propia iniciativa, o seguinte informe:**

### INFORME SOBRE AS ÁREAS FUNCIONAIS DE GALICIA: **ÁREA FUNCIONAL DE FERROL**

#### **A.- Xénese do informe**

A Lei 6/1995, de 28 de xuño, atribúe ó Consello Económico e Social de Galicia, entre outras, a función de elaborar por propia iniciativa informes ou estudos sobre a elaboración de planos ou programas dirixidos a favorecer-lo desenvolvemento económico e social de Galicia.

No ámbito destas funcións, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, na súa sesión 4/98, adoptou o acordo de proceder á elaboración dunha colección de informes sobre “*as áreas funcionais de Galicia*”, iniciándose con especial atención pola *Área Funcional de Ferrol*. Do mesmo xeito acordouse que a realización destes informes se levara a cabo pola Comisión Sectorial nº1: *Economía, emprego e desenvolvemento territorial*.

#### **B.- Obxecto do informe**

O obxecto deste primeiro informe da colección é o de analiza-la situación da Área Funcional de Ferrol, as súas debilidades e fortalezas, presentando na parte final do mesmo

unhas consideración consensuadas sobre as ameazas e oportunidades reais para o desenvolvemento e creación de emprego na área.

### **C.- Metodoloxía e alcance do informe**

O alcance total do Informe abarca as doce áreas funcionais nas que se agrupan as comarcas galegas definidas no Plan Comarcal de Galicia. A colección iníciase con este primeiro informe sobre a Área Funcional de Ferrol.

Respecto ó seu alcance xeográfico, a Área Funcional de Ferrol abarca as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, no extremo nororiental da provincia da Coruña.

A metodoloxía do Informe baséase en concreta-la análise da situación económica e social da Área Funcional de Ferrol, nos apartados de emprego, política de incentivos, sectores productivos, desenvolvemento territorial e panorama social.

As consideracións consensuadas dos membros do Consello sobre á análise efectuada pechan o contido do Informe.